



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Cambios sociodemográficos e territoriais	Código	615525023d	
Titulación	Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria (a distancia)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Optativa	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Diz Reboredo, Carlos	Correo electrónico	carlos.diz@udc.es	
Profesorado	Cortés Vázquez, José Antonio Diz Reboredo, Carlos Rey Gayoso, Raúl	Correo electrónico	j.a.cortes@udc.es carlos.diz@udc.es raul.reyg@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia, traballaremos teorías e metodoloxías para explorar as relacións interxeracionais no seu contexto histórico e ecolóxico. Analizaremos os cambios sociodemográficos e territoriais máis actuais, en relación coas transformacións dos afectos e dos modos de vida na sociedade contemporánea.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A21	CEE1 - Explicar os procesos de exclusión vinculados ás transformacións da estrutura familiar e por idades das sociedades.
A22	CEE2 - Manexar ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a análise da vulnerabilidade asociada a formas de convivencia e a determinados grupos de idade.
A23	CEE3 - Identificar as dinámicas interxeracionais, biolóxicas e socioeconómicas que xeran situacións de exclusión.
A24	CEE4 - Identificar situacións e procesos de segregación de colectivos vulnerables asociados ao avellentamento demográfico.
B1	CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B3	CB3 - Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razoadas sobre a avaliación previsible dos feitos sociais estudados.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B19	CX7 - Dar respostas innovadoras e orixinais ante situacións problemáticas emerxentes relacionadas coa exclusión social.
B20	CX8 - Aplicar a perspectiva comparada na comprensión das problemáticas sociais e das respostas e solucións políticas.
B21	CX9 - Aplicar unha perspectiva interdisciplinar na análise e a valoración de problemáticas de exclusión e políticas sociais de inclusión e cohesión.
B22	CX10 - Recoñecer e valorar os xuízos de valor e as evidencias nos argumentos que sosteñen as descricións e políticas sobre a realidade social.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Identificar procesos históricos de cohesión e de exclusión asociados a distintos tipos de hábitats	AM21 AM22 AM23 AM24	BM2 BM20	CM3 CM7
Recoñecer a relación entre variables espaciais e territoriais e as necesidades da poboación segundo as súas características sociodemográficas	AM21 AM24	BM1 BM3 BM14 BM19	CM5 CM7
Analizar a vulnerabilidade ecolóxica de distintos colectivos	AM23 AM24	BM14 BM19 BM20 BM21 BM22	CM3 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
Coidados, avellentamento e territorios	<ul style="list-style-type: none"> - Cambios sociodemográficos e traballo de coidados - Territorios en transición e vellas paisaxes - Avellentamento e perspectiva de xénero
Sociedade, hábitat e despoboación	<ul style="list-style-type: none"> - Medio ambiente e migracións - ¿Baleira ou baleirada? Formas de vida e territorios en crise - Ecoloxía, valor e cambios sociodemográficos
Cambios produtivos e reprodutivos	<ul style="list-style-type: none"> - Precariedade e reprodución da vida - Ecofeminismo ou barbarie - Mundos (por)vir

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A21 A24 B3 B14 B20 B21 C5 C7	0	34	34
Traballos tutelados	A22 A23 B1 B2 B19 B22 C3	0	110	110
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	As clases presenciais desenvolveranse a modo de seminario no que se discutirán lecturas e documentais asignados. A avaliación estará en función da asistencia e da exhaustividade dos materiais revisados polo alumno. Para o alumnado a distancia, haberá a posibilidade de seguir as clases on-line, ou senón, de visionar as gravacións de maneira asíncrona, ou tamén de seguir as explicacións a través das lecturas e/ou os materiais facilitados por Moodle.
Traballos tutelados	O alumnado deberá entregar traballos prácticos de reflexión crítica sobre os contidos tratados na aula. Estes traballos deberán elaborarse a partires dos os materiais distribuídos (textos, audiovisuais, etc.), as posibles saídas ou formacións de campo, e as explicacións e debates desenvoltoas ao longo do curso de maneira presencial ou non presencial.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Seminario Traballos tutelados	É previsible que o alumnado requira orientación personalizada para aclarar dúbidas ou ampliar a información necesaria para o seu traballo final. A atención personalizada desenvolverase tanto por correo electrónico como a través de Teams.
----------------------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A21 A24 B3 B14 B20 B21 C5 C7	As clases presenciais desenvolveranse a modo de seminario no que se discutirán lecturas e documentais asignados. A avaliación estará en función da asistencia e da exhaustividade dos materiais revisados polo alumno. Para o alumnado a distancia, haberá a posibilidade de seguir as clases on-line, ou senón, de visionar as gravacións de maneira asíncrona, ou tamén de seguir as explicacións a través das lecturas e/ou os materiais facilitados por Moodle.	40
Traballos tutelados	A22 A23 B1 B2 B19 B22 C3	O alumnado deberá entregar traballos prácticos de reflexión crítica sobre os contidos tratados na aula. Estes traballos deberán elaborarse a partires dos materiais distribuídos (textos, audiovisuais, etc.), as posibles saídas ou formacións de campo, e as explicacións e debates desenvoltoas ao longo do curso, tanto a nivel presencial como non presencial.	60

Observacións avaliación
PLAXIO. O/a estudante será cualificado con ?suspense? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederá a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información	
Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Del Molino, Sergio (2016). La España vacía. Viaje por un país que nunca fue. Turner - Dubert, Isidrio; Pérez-Caramés, Antía (2021). Invasión migratoria y envejecimiento demográfico. Dos mitos contemporáneos. Catarata - Herrera, M^a Soledad (2007). Individualización social y cambios demográficos. Madrid: CIS - Kreager, Philip y Schröder-betterfill, E. (Eds) (2005). Ageing without children. Berghan Books - Livi Bacci, Massimo (1988). Ensayo sobre la historia demográfica europea. Barcelona: Ariel - Moré, Paloma (2017). Migraciones y trabajo con personass mayores en las grandes ciudades. Madrid: CIS - Otero, Raimundo (2017). Sociología e historia de la ciudad desconcentrada. Madrid: CIS - Santamarina, Beatriz et al (Coords.) (2018). Antropología ambiental. Barcelona: Icaria Toda a bibliografía esencial e complementaria estará dispoñible na plataforma Moodle.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións



- 1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:
 - 1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático
 - 1.2. Realizarase a través do Campus Virtual, en formato dixital sen necesidade de imprimilos
 - 1.3. De se realizar en papel:
 - Non se empregarán plásticos.
 - Realizaranse impresións a dobre cara.
 - Empregarase papel reciclado.
 - Evitarase a impresión de borradores.
- 2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural
- 3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais
- 4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)
- 5.- Traballarse para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade
6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas
7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías